



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O INSTITUTO OURENSÁN DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E SOCIAL (INORDE) PARA A EXECUCIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DO TURISMO NO XEODESTINO CELANOVA-TERRAS DO XURÉS

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico e Social (INORDE) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o INORDE para a subvención de actividades relacionadas coa promoción, dinamización e fomento do turismo no xeodestino Celanova-Terras do Xurés que inclúa a realización das actuacións das seguintes liñas de acción:

ACCIÓNS
B. Comercialización, promoción e difusión de produto
B.1 Participación en feiras/eventos sectoriais
B.2 Plan de comunicación, nova web e redes sociais
B.3 Formación e avaliación SICTED
B.4 Accións de comunicación con medios especializados de Norte de Portugal ou nacionais.
B.5 Actualización de contidos audiovisuais
B.6 Deseño e fabricación de novo material depromoción
B.7 Desenvolvemento de produto e apoio á comercialización de experiencias.
D. Novas tecnoloxías aplicadas ao turismo.
D.1 Actualización da "Guía online de restaurantes"

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.



Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- Que o artigo 148.1.18 da Constitución establece como competencias da Administración Xeral do Estado que poderán asumir as Comunidades Autónomas, a relativa á promoción e ordenación do turismo no seu ámbito territorial.

Que a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias, con carácter exclusivo, tal e como se desprende do contido do seu Estatuto de Autonomía, en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da Comunidade (artigo 27.21).

Que a Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia, acomete no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- Que de conformidade cos estatutos aprobados pola Corporación Provincial, na súa sesión do día 24 de setembro de 2004 e publicados no BOP do día 5 de outubro de 2004, o Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico e Social (INORDE) é un organismo autónomo de natureza administrativa, dependente da Deputación Provincial de Ourense, con personalidade xurídica propia e autonomía económica e administrativa para a realización dos seus fins.

Que o INORDE aprobou a subscripción, con todos os concellos que integran o xeodestino Celanova-Terras do Xurés (Bande, A Bola, Cartelle, Celanova, Entrimo, Gomesende, Lobeira, Lobios, A Merca, Muíños, Padrenda, Quintela de Leirado, Ramirás e Vereas), dun convenio de colaboración para a execución dunha serie de actuacións que forman parte do Plan Director do xeodestino, ao que se incorporou o Concello de Barbadás, segundo se deu conta na reunión do 30 de xuño de 2023 da Comisión de Seguemento do convenio. En virtude deste convenio de colaboración, os municipios interesados encomendaron ao INORDE a función de ente xestor do Plan Director do xeodestino, no ámbito das competencias municipais, delegando neste organismo autónomo o exercicio das



competencias necesarias para executar a primeira fase do dito Plan. O INORDE, como medio propio da Deputación Provincial de Ourense, será o organismo encargado da xestión e execución do presente convenio.

Terceiro.- Que co obxecto de promover o turismo no xeodestino Celanova-Terras do Xurés, as partes consideran esencial colaborar na execución deste convenio xa que se trata dunha acción de interese común, cofinanciada por ambas partes e con beneficios conxuntos. Todo isto engóbase ademais, no eido competencial da Axencia Turismo de Galicia.

Cuarto.- Que a Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia ten entre as súas finalidades potenciar a oferta turística galega, a través de medidas de fomento que permitan modernizar e profesionalizar o sector turístico e as súas infraestruturas, e mellorar a calidade e a competitividade da oferta turística. Con esta finalidade regúlase na devandita lei os xeodestinos.

A lei define, no seu artigo 23, como xeodestinos turísticos as áreas ou espazos xeográficos limítrofes que comparten unha homoxeneidade territorial baseada nos seus recursos turísticos naturais, patrimoniais e culturais, con capacidade para xerar fluxos turísticos e que, xunto á súa poboación, conforman unha identidade turística diferenciada e singular. Os xeodestinos terán un especial protagonismo nas accións de promoción turística da Administración autonómica. Poderán ser utilizados, tras a súa creación, tanto por entidades públicas como privadas, sempre dentro da marca turística global «Galicia» e sen que poidan empregarse como nome comercial, rótulo de establecementos ou vehículos e marcas de bens e servizos.

No Plan Estratéxico do Turismo 2020, de acordo co obxectivo estratéxico 5.5. Xeodestinos. Impulso a ordenación territorial turística de Galicia, na liña estratéxica 5. Cooperación na cadea de valor do turismo, a Axencia Turismo de Galicia desenvolve accións de apoio a aqueles xeodestinos que contan con organización para levar a cabo actuacións de promoción dos mesmos.

A través deste convenio, outórgase ó Instituto Ourenán de Desenvolvemento Económico e Social (INORDE) unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese



público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela
O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

